



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 10/2017

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

M^a Olga Iglesias Fontal

SECRETARIA:

Lucía Belver Quiroga

VOGAIS:

Josefina Pereira de la Riera

Miguel Ángel Cela González

Na cidade de Lugo, o día 25 de novembro de 2019, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **10/2017**, para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **BEXÁN**, do concello de **COSPEITO**, iniciado por acordo do xurado do 13-12-2017, sendo vogal instrutor Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sesión do 13-12-2017 o xurado acorda a iniciación de oficio do expediente 10/2017. Na mesma sesión, Carlos Vázquez Díaz é nomeado instrutor do expediente, quen acepta o cargo o 12-3-2018.

SEGUNDO: O 19-6-2018 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 19-6-2018 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Vilalba:**

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: O día 19-6-2018 o Servizo de Montes emite o certificado solicitado, no que consta que o monte **BEXÁN** non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

QUINTO: O día 3-7-2018 recíbese unha notificación do rexistro da propiedade na que fai constar que non figuran inscricións que se identifiquen cos datos aportados.

SEXTO: O día 17-9-2018 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.





SÉTIMO: O día 18-9-2018 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Vilalba e solicítase a ANOTACIÓN PREVENTIVA.

OITAVO: O día 18-9-2018 comunícaselle ao **Concello de Cospeito** a iniciación do expediente e envíaselle un **edicto** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

NOVENO: O día 27-9-2018 sae publicado no DOG número 185 o anuncio da iniciación do expediente de clasificación do monte **BEXÁN** e da apertura do prazo para presentar alegacións.

DÉCIMO: Contra este expediente foron presentadas as seguintes **ALEGACIÓNS**:

- A) O día 25-10-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por Josefa Vázquez Reigosa, no que expón que é propietaria da **parcela catastral número 56 do polígono 64 de Cospeito**, denominada *Fontela*, por herdanza dos seus pais. A dita parcela foi adquirida por compravenda no ano 1979, polo seu pai, Victoriano Vázquez Mouriz. Aporta o contrato de compravenda, testamento no que se inclúe a parcela como haber hereditario e identificación e localización da parcela no catastro histórico.
- B) O día 2-11-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por Armando Castosa Alvariño, como alcalde-presidente do Concello de Cospeito, no que expón que os terreos obxecto de clasificación son comunais, é dicir, de titularidade pública municipal.
- C) O día 29-10-2018 ten entrada un escrito de alegacións asinado por vinte e sete interesados, encabezado por Manuel Anllo Teijeiro, no que expoñen o seguinte:
 - Que a base documental utilizada para propoñer a clasificación deste monte non ten forza probatoria: Por un lado, non hai precisión na localización das parcelas identificadas no Castastro do Marqués da Ensenada, e por outro, o expediente de excepción de vendas instruído polo Concello de Cospeito en 1862 non é orixinal, mantén incoherencias internas na definición dos montes de Bexán e parece incompleto.
 - Aportan copia cotexada dun preito librado entre os veciños de Bexán e de Reximil (ano 1758) na que se describe que o *monte de Bexán limitaba co termo de Castro de Rei*, do que deduce que a parroquia de Bexán tiña máis superficie que na actualidade.
 - Que a proposta de clasificación está fundamentada sobre as parcelas que figuraban a nome do Instituto Nacional de Colonización, sen embargo non se limita a esas parcelas e deixa algunhas fóra da dita proposta.
 - Que unicamente se utilizaron as parcelas catastrais cuxo titular é *comunal da parroquia de Bexán*.
 - Que a configuración do catastro actual é similar, se se compara coas ortofotografías de 1956 (voo americano). Que se trata de terreos con diversos aproveitamentos individualizados. Que houbo aproveitamento individual continuado no tempo e, polo tanto, producíronse numerosas transferencias de propiedade por títulos intervivos e mortis causa. Que non se veñen aproveitando *consuetudinariamente en réxime de comunidade*, como especifica a Lei 13/89, de MVMC.





- Achegan informe pericial sobre as alegacións anteditas.
- Expoñen que as seguintes parcelas son de propietarios particulares:
 1. **Parcelas 275, 1 - polígono 66.** Aporta escritura de 2015
 2. **Parcelas 67,69,70 - polígono 64.** Adquirida por herdanza. Aporta fichas catastrais
 3. **Parcela 56 - polígono 64.** Adquirida por compra en 1979. Aporta contrato de compra-venda (tamén reclamada nas alegacións C))
 4. **Parcela 62 - polígono 64.** Adquirida por herdanza. Aporta testamento de 1972.
 5. **Parcela 66 - polígono 64.** Adquirida por herdanza. Aporta testamento de 1972.
 6. **Parcela 32 - polígono 64.** Adquirida por herdanza. Aporta declaración tributaria e imposto de sucesións. Escritura de aceptación de herdanza do ano 2010 na que se identifica a parcela coa súa referencia catastral.
 7. **Parcela 58 e 59 - polígono 64.** Adquirida por herdanza. Aporta testamento de 1986 e escritura de aceptación de herdanza de 2010, na que se identifican as parcelas coa súa referencia catastral. Certificado de 2015, da secretaria do Xurado MVMC, de que as parcelas 58 e 59 do polígono 64 non forma parte de MVMC.
 8. **Parcelas 44, 45 - polígono 64.** Aporta escritura de compra de 1988 e 1991 así como adxudicación de herdanza de 1991.
 9. **Parcelas 31, 32, 33 - polígono 64.** Adxudicadas por herdanza en 1978. Aporta documento de particións
 10. **Parcela 76 - polígono 64.** Adquirida por compravenda en 1986. Anteriormente foi adxudicada por particións de ben en 1978. Aporta Escritura de compra.
 11. **Parcela 54 - polígono 64 e parcela 271 - polígono 66.** Adquirida por herdanza. Aporta ficha co Catastro de Rústica na que figura titular particular.
 12. **Parcelas 63, 64 - polígono 64 e parcela 274 - polígono 66.** Adquirida por herdanza. Aporta fichas do Catastro de Rústica nas que figura titular particular.
 13. **Parcela 53 - polígono 64.** Atribuída en partición xudicial 95/91 do Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Vilalba. Aporta acta notarial de protocolización da partición de herdanza.
 14. **Parcela 78 - polígono 64.** Adquirida por compra en 1997. Aportan contrato de compra privado.
 15. **Parcelas 41, 42 - polígono 64.** Adquiridas por herdanza e compra, respectivamente. Aporta escritura de compra de 1974, ficha do Catastro de Rústica na que figura titular particular e aceptación de herdanza de 1980.



16. **Parcelas 273 – polígono 66; 569 – polígono 67 e 61, 79 – polígono 64.** Aporta fichas do Catastro de Rústica e documento de adxudicación de herdanza.
17. **Parcela 60 – polígono 64.** Aporta liquidación tributaria pola herdanza recibida.
18. **Parcela 34 – polígono 64.** Atribuída na disolución de comunidade hereditaria de 1989. Aporta copia do documento de disolución ante notario.
19. **Parcela 68 – polígono 64.** Atribuída na disolución de comunidade hereditaria de 1989. Aporta copia do documento de disolución ante notario.
20. **Parcelas 266, 292 – polígono 64.** Adquiridas en 1978. Aporta escrituras notariais con indicación de inscrición en rexistro da propiedade.
21. **Parcelas 267, 268 – polígono 66.** Adquiridas por herdanza. Aporta fichas do Catastro de Rústica nas que figura titular particular e escritura de adxudicación de herdanza.
22. **Parcelas 73, 75 – polígono 64.** Adquirida por herdanza. Aporta certificado da secretaria do Xurado de MVMC de que a parcela 73 non forma parte de MVMC.
23. **Parcelas 37, 38, 39 – polígono 64 e 264, 265 – polígono 66.** Aporta escritura de aceptación de herdanza de 1992 e nota informativa do Rexistro da Propiedade de Vilalba dos predios denominados *Pico*, *Tenzas Pico* e *Madorra*. Así mesmo, aporta fichas do Catastro Rústica nas que figuran titulares particulares.
24. **Parcelas 27, 95, 36, 35 – polígono 64.** Aporta, respectivamente, declaración dos propietarios estremeiros que recoñecen a propiedade, declaración de alteración ben dirixida a Catastro, ficha do Catastro de Rústica e documento privado de compra de 1971.
25. **Parcela Amora.** Descoñécese a súa identificación catastral e non aportan documentación ao respecto.
26. **Parcela 55 – polígono 64.** Identificada como propiedade particular sen aportar ningunha documentación.
27. **Parcela 71 – polígono 64.** Adquirida por herdanza. Non aportan documentos.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 20-11-2018 ten saída a notificación do acordo do 8-11-2018, polo que o xurado amplía o prazo para resolver, aos seguintes interesados:

Manuel Anllo Teijeiro, como alegante.

Josefa Vázquez Reigosa, como alegante.

Armando Castosa Alvariño, alcalde-presidente do concello, como alegante.

DÉCIMO SEGUNDO: O día 26-11-2018 o Rexistro da Propiedade de Vilalba comunica a práctica da anotación preventiva do monte (83,60 ha) como MVMC da parroquia de Bexán.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 29-11-2018 ten entrada un certificado do Concello de Cospeito que acredita que o edicto estivo exposto ao público dende o 3 de outubro ao 15 de novembro.





DÉCIMO CUARTO: O día 20-2-2019, o Servizo de Montes solicita ao Servizo Xurídico Administrativo da Xefatura Territorial do Medio Rural unha avaliación xurídica das alegacións presentadas no procedemento. O informe xurídico, emitido o 26-2-2019, conclúe que a documental aportada no intento de xustificar a propiedade particular é inconsistente e insuficiente para poñer en cuestión a natureza veciñal avalada por documentos de peso histórico e xurídico. Que a definición dos terreos no catastro como monte comunal ratifica aínda máis o carácter veciñal da zona a clasificar.

DÉCIMO QUINTO: O día 27-2-2019 o Servizo de Montes emite un informe sobre os antecedentes que motivaron a investigación de oficio da propiedade do monte de Bexán. O dito informe foi solicitado polo xurado na sesión do 27-3-2019.

DÉCIMO SEXTO: O día 25-2-2019 comunícaselle ao alcalde-pedáneo de Bexán o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **BEXÁN**.

DÉCIMO SÉTIMO: O día 15-4-2019 ten entrada unha comunicación dos vogais representantes da comunidade para asistir á reunión do xurado. Resultaron elixidos Fernando Cabana Fernández e Álvaro Reguero Villamel

DÉCIMO OITAVO: O día 5-11-2019 notifícaselle aos interesados o acordo do xurado do 29-10-2019, polo que se nomea novo instrutor do expediente a Miguel Ángel Cela González, quen acepta o cargo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada toda a documentación, tense en conta o contido dos informes técnico e xurídico que constan no expediente.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: Bexán

Pertenza: Veciños da parroquia de Bexán

Parroquia: Bexán

Concello: Cospeito

Superficie: 84,6 hectáreas





Zonas de ampliación e estremas:

Zona 1:

Parcelas a clasificar	Linde	Parcelas estremeiras
27015A064000270000ST 27015A064000310000SF 27015A064000320000SM 27015A064000330000SO 27015A064000340000SK 27015A064000350000SR 27015A064000360000SD 27015A064000370000SX 27015A064000380000SI 27015A064000390000SJ 27015A064000410000SI 27015A064000420000SJ 27015A064000440000SS 27015A064000450000SZ 27015A064000460000SU 27015A064000470000SH 27015A064000500000SH 27015A064000510000SW 27015A064000520000SA 27015A064000530000SB 27015A064000540000SY 27015A064000550000SG 27015A064000560000SQ 27015A064000570000SP 27015A064000580000SL 27015A064000590000ST 27015A064000600000SP 27015A064000610000SL 27015A064000620000ST 27015A064000630000SF 27015A064000640000SM 27015A064000650000SO 27015A064000660000SK 27015A064000670000SR 27015A064000680000SD 27015A064000690000SX 27015A064000700000SR 27015A064000710000SD 27015A064000720000SX 27015A064000730000SI 27015A064000740000SJ 27015A064000750000SE 27015A064000760000SS 27015A064000770000SZ 27015A064000780000SU 27015A064000790000SH 27015A064000800000SZ 27015A064000810000SU 27015A064000820000SH 27015A064000830000SW 27015A064000840000SA	Norte	27010A07000060 (Castro de Rei) 27010A07000059 (Castro de Rei) 27015A06400097 27010E00100027 (Castro de Rei) 27010E00100026 (Castro de Rei) 27010E00100025 (Castro de Rei) 27010E00100024 (Castro de Rei) 27010E00100022 (Castro de Rei) 27010E00101125 (Castro de Rei) 27010E00101126 (Castro de Rei) 27010E00100023 (Castro de Rei) 27010E00100021 (Castro de Rei) 27010E00100012 (Castro de Rei) 27010E00100008 (Castro de Rei) 27010E00100007 (Castro de Rei) 27010E00100004 (Castro de Rei) 27010E00100003 (Castro de Rei) 27010E00100001 (Castro de Rei) 27010E00100123 (Castro de Rei) 27015A06600002 27010E00100124 (Castro de Rei)
	Leste	27015A06600002 27015A06609004 (camiño) 27015A06600063 27015A06600064 27015A06609006 (camiño) 27015A06600053 27015A06600052 27015A06600284 27015A06600285 27015A06609006 (camiño)
	Sur	27015A06609005 (camiño) 27015A06409009 (camiño) 27015A06409007 (camiño) 27015A06400028 27015A06409007 (camiño) 27015A06400043
	Oeste	27015A06400026 27010A07000060
	Encravados	27015A06400049 27015A06400049





Parcelas a clasificar	Linde	Parcelas estremeiras
27015A064000850000SB 27015A064000860000SY 27015A064000870000SG 27015A064000880000SQ 27015A064000890000SP 27015A064000900000SG 27015A064000910000SQ 27015A064000920000SP 27015A064000930000SL 27015A064000940000ST 27015A064000950000SF 27015A066000010000SH 27015A0660000650000SH 27015A066002640000SG 27015A066002650000SQ 27015A066002660000SP 27015A066002670000SL 27015A066002680000ST 27015A066002700000SL 27015A066002710000ST 27015A066002730000SM 27015A066002740000SO 27015A066002750000SK 27015A066002770000SD 27015A066002780000SX 27015A066002790000SI 27015A066002800000SD 27015A066002810000SX 27015A066002820000SI 27015A066002830000SJ 27015A066002920000SW		

Zona 2

Parcelas a clasificar	Linde	Parcelas estremeiras
27015A066002870000SU	Norte	27015A06600259
	Leste	27015A06609001 (Río Miño)
	Sur	27015A06609001 (Río Miño)
	Oeste	27015A06609011 (camiño)

Zona 3

Parcelas a clasificar	Linde	Parcelas estremeiras
27015A067002620000SS	Norte	27015A06700258 27015A06700261
	Leste	27015A06709030 (camiño)



	Sur	27015A06709030 (camiño) 27015A06709020 (camiño)
	Oeste	27015A06709020 (camiño)
	Encravado	002100600PH28D (edificación)


Zona 4

Parcelas a clasificar	Linde	Parcelas estremeiras
27015A067005670000SM	Norte	27015A06700183
	Leste	27015A06700562 27015A06700186 27015A06709021 (camiño)
	Sur	27015A06709019 (camiño)
	Oeste	27015A06700184 27015A06709010 (camiño)

Zona 5

Parcelas a clasificar	Linde	Parcelas estremeiras
7015A067005690000SK	Norte	27015A06700182
	Leste	27015A06709011 (camiño)
	Sur	27015A06700565
	Oeste	27015A06700565 27015A06700181





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DO
MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DE
BEXÁN (COSPEITO)

Monte: MVMC DE BEXÁN
Pertenza VECIÑOS DA PARROQUIA DE BEXÁN
Superficie 84,6 Ha

Municipio: Cospeito

Escala: 1:10,000

Plano 3. Zonas propostas para a súa
clasificación.

O Xefe de Área

Lugo, 15.06.2017
Santiago Fraga Sáenz

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89